



DIOCESE
DE LUGO

Programación Pastoral 2022-2023

Un encuentro actual



Liñas de acción

Curso 2022-23

Un encontro actual

1. Prioridade do crer en Deus

O pasado curso 2021-2022 estivo caracterizado pola chamada do Papa Francisco a vivir a sinodalidade, a reflexionar xuntos e ante o Señor, a buscar o encontro e a escoita, a renovar a nosa participación na comunión e a misión da Igrexa.

Este é un proceso que continúa, non só por seguir os ritmos e prazos da celebración do Sínodo de 2023, senón porque expresa o noso ser Igrexa, tenta promover o noso vivir como cristiáns do modo máis realista: no noso lugar, coa nosa historia, na compañía eclesial concreta.

E, sen dúbida, para permanecer nós na fe, e para facer presente no noso mundo —e nas nosas mesmas parroquias— a luz do Evanxeo e dunha vida nova, habemos de camiñar xuntos como Igrexa, con conciencia crente, co desexo dun discernimento que, por graza do Señor, ilumine a existencia, nos conduza á unidade dos irmáns.

Nada necesita máis o noso mundo que este testemuño, maduro e consciente, da fe. Nada é máis urxente que o encontro con Xesucristo e a apertura a Deus Pai, que a conversión de toda

forma de autosuficiencia, de aposta pola lóxica do poder —que non nos conduce á irmandade e a paz, senón á división e á subestima da vida do pobre, ao descarte de débiles e indefensos, desde o seo materno aos anos de ancianidade, pasando por todos os que necesitan axuda, non consomen ou producen.

Nós, os primeiros, habemos de crer en Deus, acoller docilmente o Evanxeo, coñecer e amar ao Señor Xesús, seguilo como discípulos seus, enviados e presentes no medio do mundo.

De feito, o método de traballo sinodal propoñíanos como primeiro momento que unidos, como membros dunha Igrexa, vivísemos o encontro e a escoita da Palabra de Deus, como raíz nova da que brotase a nosa palabra persoal, un testemuño animado pola graza do Espírito.

En efecto, tamén nós, que compartimos a vida da nosa sociedade, necesitamos a conversión de toda forma de autosuficiencia, necesitamos a apertura de corazón a Deus, que se revelou Pai de misericordia dándonos ao seu Fillo, nacido de María. Necesitamos que a súa Palabra e o seu Amor iluminen os nosos pasos, as alegrías e os sufrimentos, o quefacer das nosas vidas. Úrxenos crer en Deus, para non absolutizar os bens creados e os poderes deste mundo, instrumentalizando e manipulando persoas e cousas segundo o noso interese; para poder mirar a nosa propia vida —e a do próximo— con esperanza, certos da súa dignidade.

2. A liturxia: lugar do encontro con Cristo

2.1. A novidade da Encarnación

Este momento primeiro do noso camiñar unidos —dese *sempre xuntos* que nos cercanos tempos de pandemia percibimos tan sensiblemente como necesario— recibe unha iluminación particular na última Carta apostólica do noso Papa Francisco, *Desiderio Desideravi*, que vos convido a ler tranquilamente, pois paréceme que se corresponde moito coas nosas circunstancias máis propias.

O Papa lémbra-nos en primeiro lugar o realismo deste encontro co Señor. Segundo as súas palabras, para un verdadeiro encontro con Cristo, Verbo feito carne, en quen Deus nos dixo e entregou todo, non basta con ter noticias sobre El (DD 8-9), sobre as súas palabras e xestos, sobre as grandes escenas da súa vida. Esta era a obxección moderna contra a posibilidade da fe cristiá hoxe día: aínda que un quixese crer no Xesús do que se nos fala, non é posible establecer a mesma relación que tiveron con El os que experimentaron a súa presenza, cando non se ten xa máis nada que narracións de cousas sucedidas no pasado. En palabras de Francisco: «Se a Resurrección fose para nós un concepto, unha idea, un pensamento; se o Resucitado fose para nós o recordo do recordo doutros, tan autorizados como os Apóstolos, se non se nos dese tamén a posibilidade dun verdadeiro encontro con El, sería como declarar concluída a novidade do Verbo feito carne» (DD 10).

Recordar os recordos doutros —como ás veces se quixo describir o NT e a Escritura mesma— non basta para que xurda a fe, a adhesión de corazón á presenza nova do Señor Xesús na historia. O método escollido por Deus para vir ao noso encontro é a Encarnación, que se nos comunica na celebración dos sacramentos (DD 9). Este é «o método que a Santísima Trindade elixiu para abrírnos o camiño da comunión» (DD 10).

Como di Francisco: «Non nos serve un vago recordo da última Cea, necesitamos estar presentes naquela Cea, poder escoitar a súa voz, comer o seu Corpo e beber o seu Sangue: necesitámolo a El. Na Eucaristía e en todos os Sacramentos garántenos a posibilidade de atoparnos co Señor Xesús e de ser alcanzados polo poder da súa Pascua. O poder salvífico do sacrificio de Xesús, de cada unha das súas palabras, de cada un dos seus xestos, mirada, sentimento, alcánzanos na celebración dos Sacramentos. (...) O Señor Xesús que, inmolado, xa non volve morrer, e sacrificado, vive para sempre, continúa perdoándonos, curándonos e salvándonos co poder dos Sacramentos. A través da encarnación, é o modo concreto polo que nos ama» (DD 11).

Este curso, en que deixamos atrás a pandemia, que nos impediou tantos encontros e dificultou a nosa participación persoal na vida sacramental da Igrexa, o Papa reclámanos así moi oportunamente a tomar conciencia de novo deste feito tan enraizado na nosa tradición cristiá e na nosa vida pastoral: A liturxia garántenos o encontro con Cristo (DD 11).

2.2. *Participación activa e frutuosa nos sacramentos*

Necesitamos dar de novo toda a súa centralidade á celebración dos sacramentos, para que a nosa fe sexa verdadeira e o noso camiñar xuntos sexa o de verdadeiros discípulos de Cristo; para poder afirmar ante o noso mundo a presenza e a acción do Espírito do Señor no presente, a realidade dun encontro actual con Deus que non é mera proxección da subxectividade humana³. Pois o noso ser cristiáns non se reduce a unha boa idea ou unha decisión moral⁴, «non é unha adhesión mental ao seu pensamento ou a submisión a un código de comportamento imposto por El: é a inmersión na súa paixón, morte, resurrección e ascensión» (DD 12).

Por iso, unha primeira liña de acción este ano será procurar comprender e redescubrir a importancia da liturxia na vida da Igrexa (DD 16) e, por tanto, «a promoción da participación plena, consciente, activa e frutuosa na celebración, ‘fonte primaria e necesaria de onde han de beber os fieis o espírito verdadeiramente cristián’ (*Sacrosanctum Concilium*, n. 14)» (DD 16).

Habemos de procurar igualmente que a celebración cristiá e as súas consecuencias para a vida da Igrexa non se vexan «desfiguradas por unha comprensión superficial e reducida do seu valor ou, peor aínda, pola súa instrumentalización ao servizo dalgunha visión ideolóxica, sexa cal sexa» (DD 16).

3 É digna de mención a coincidencia desta valoración da liturxia coas conclusións de J. HABERMAS no seu último libro, *Auch eine Geschichte der Philosophie*, Berlin 2019, Band 2, 807

4 Cf. BENEDICTO XVI, *Deus caritas est*, 1

En efecto, «a celebración litúrxica libéranos da prisión dunha autorreferencialidade alimentada pola propia razón ou sentimento: a acción celebrativa non pertence ao individuo senón a Cristo-Igrexa, (...) seguindo o camiño da Encarnación, a través da linguaxe simbólica do corpo, que se estende ás cousas, ao espazo e ao tempo» (DD 19). Isto é verdade tamén para nós, nas circunstancias da nosa vida eclesial na Diocese de Lugo: non podemos reducir a nosa participación litúrxica á medida das nosas referencias, gustos e sentimentos; habemos de aceptar que afecte o noso espazo e tempo, aos nosos lugares de celebración, aos nosos ritmos de vida.

«Participar no sacrificio eucarístico non é unha conquista nosa», non é en primeiro lugar expresión do noso gusto por reunirmos e menos aínda unha actividade dunha asociación de veciños, nin é só un costume tradicional, senón que é resposta crente á chamada do Señor: «é o don da Pascua do Señor que, aceptado con docilidade, fai nova a nosa vida» (DD 20). Como cantamos frecuentemente: «É Cristo quen convida, alegre o corazón; viste a alma de festa, que vén o teu Señor».

Necesitamos na nosa Diocese aquilo que por parte do Papa se pide a todos: «redescubrir cada día a beleza da verdade da celebración cristiá (...) o seu significado teolóxico» (DD 21); para que a liturxia, «mergullándonos no misterio pascual, transforme toda a nosa vida, conformándonos cada vez máis con Cristo» (DD 21). Porque «o encontro con Deus non é froito dunha individual procura interior, senón que é un acontecemento regalado: podemos atopar a Deus polo feito novidoso da Encarnación que, na última cea, chega ao extremo de querer ser comido por nós. Como se nos pode escapar lamentablemente a fascinación pola beleza deste don?» (DD 24).

2.3. O domingo, invitación do Señor ao seu Pobo

Tamén nós, os fieis pertencentes á nosa Diocese de Lugo, e os pastores en particular, habemos de plantearnos «a cuestión fundamental: como recuperar a capacidade de vivir plenamente a acción litúrxica?» (DD 27).

Resulta esencial que esta sacramentalidade do cristián, allea a todo individualismo e subxectivismo, así como a todo espiritua- lismo abstracto (DD 28), tome forma no concreto do espazo e do tempo, nas circunstancias das nosas comunidades. As diver- xencias ao redor da celebración poden non ser banais, poden implicar opcións eclesiolóxicas (DD 31), afectar o noso camiñar xuntos como Igrexa.

Para os ministros ordenados será sempre «unha acción pastoral de primeira importancia» «levar da man aos fieis bautizados á repetida experiencia da Pascua» (DD 36), facendo posible «a normalidade das nosas asembleas que se reúnen para celebrar a Eucaristía o día do Señor, domingo tras domingo, Pascua tras Pascua, en momentos concretos da vida das persoas e das comunidades, en diferentes idades da vida» (DD 36).

Por iso, todos os nosos fieis, en calquera lugar da Diocese, deben non só ter a posibilidade, senón ser expresamente convidados a esta celebración «normal» da Eucaristía o día do Señor, así como noutros momentos da vida. É a nosa responsabilidade pastoral ofrecer esta posibilidade ao pobo que temos encomendado, polo menos en templos e centros de referencia situados na proxi- midade dos lugares de vida das persoas.

O presbítero fai resoar esta invitación, esta chamada de Cristo a cada un, segundo un propio modo sacramental, ao que é impor- tante non renunciar. «O ministro ordenado é en si mesmo un dos modos de presenza do Señor que fan que a asemblea cristiá sexa única, diferente de calquera outra (cfr. *Sacrosanctum Concilium*, n. 7). Este feito dá profundidade ‘sacramental’ —en sentido amplo— a todos os xestos e palabras de quen preside. A asemblea ten dereito a poder sentir neses xestos e palabras o desexo que ten o Señor, hoxe como na última cea, de seguir comendo a Pascua connosco» (DD 57).

Neste sentido, podemos pensar de novo na necesaria «reorde- nación pastoral» na nosa Diocese: procuremos que a celebración da Pascua do Señor, a participación no memorial da súa morte e resurrección —a apertura de corazón, a conversión ao seu

Amor, ao seu Espírito— non desapareza do centro da vida dos nosos fieis. Non actuemos coma se puidese existir unha fe ou unha comunidade cristiá que non fose resposta, acollida e participación no don de Xesús, concretamente realizado e presente na Eucaristía.

A participación dos fieis na vida da Igrexa, a súa «implicación existencial ten lugar —en continuidade e coherencia co método da Encarnación— por vía sacramental» (DD 42). É importante, por tanto, preguntarnos como axudar a todos a vivir ben a celebración, aínda que saibamos da eficacia que por si mesmos (*ex opere operato*) teñen os sacramentos (DD 45).

En primeiro lugar, participar na celebración «ten que ver coa realidade do noso ser dóciles á acción do Espírito, que actúa nela, ata que Cristo se forme en nós (cfr. Gál 4, 19). A plenitude da nosa formación é a conformación con Cristo. Repito: non se trata dun proceso mental e abstracto, senón de chegar a ser El. Esta é a finalidade para a cal se deu o Espírito, cuxa acción é sempre e unicamente confeccionar o Corpo de Cristo» (DD 41), facernos vivir como membros seus.

Para facilitalo, necesitamos todos, pastores e fieis, «unha dedicación dilixente á celebración» (DD 50). O camiño implicará unha certa «disciplina, a renuncia a un sentimentalismo brando, un traballo serio, realizado en obediencia á Igrexa, en relación co noso ser e o noso comportamento relixioso» (DD 50).

Esta actitude refírese a «todos os xestos e palabras que pertencen á asemblea: reunirse, camiñar en procesión, sentar, estar de pé, axeonllarse, cantar, estar en silencio, aclamar, mirar, escoitar. Son moitas as formas en que a asemblea, como un só home (Neh 8, 1), participa na celebración» (DD 51). Habemos de priorizar esta preocupación por «realizar todos xuntos o mesmo xesto» (Ib.), coidándoo de corazón.

Porque a participación na celebración litúrxica «fórmanos: son xestos e palabras que poñen orde no noso mundo interior, facéndonos experimentar sentimentos, actitudes, comportamentos. Non son o enunciado dun ideal no que inspirarnos, senón unha

acción que implica ao corpo na súa totalidade, é dicir, ser unidade de alma e corpo» (DD 51).

«Toda esta riqueza non está lonxe de nós: está nas nosas igrexas, nas nosas festas cristiás, na centralidade do domingo, na forza dos sacramentos que celebramos. A vida cristiá é un continuo camiño de crecemento: estamos chamados a deixarnos formar con alegría e en comunión» (DD 62). Por iso, insiste o Papa, «convídevos a redescubrir o sentido do ano litúrxico e do día do Señor: tamén isto é unha consigna do Concilio» (DD 63).

«O ano litúrxico é a posibilidade de crecer no coñecemento do misterio de Cristo, mergullando a nosa vida no misterio da súa Pascua, mentres esperamos a súa volta. Trátase dunha verdadeira formación continua» (DD 64).

E «o domingo, antes de ser un precepto, é un regalo que Deus fai ao seu pobo (por iso, a Igrexa protéxeo cun precepto). A celebración dominical ofrece á comunidade cristiá a posibilidade de formarse por medio da Eucaristía. De domingo a domingo, a Palabra do Resucitado ilumina a nosa existencia querendo realizar en nós aquilo para o que foi enviada (cfr. Is 55, 10-11). De domingo a domingo, a comunión no Corpo e o Sangue de Cristo quere facer tamén da nosa vida un sacrificio agradable ao Pai, na comunión fraterna que se transforma en compartir, acoller, servir. De domingo a domingo, a forza do Pan partido sostennos no anuncio do Evanxeo no que se manifesta a autenticidade da nosa celebración» (DD 65).

Así toma a forma querida polo Señor, comunicada no seu Espírito, tanto a fe da persoa como a mesma comunidade cristiá, o noso ser e vivir como Igrexa nas nosas parroquias e na nosa Diocese.

3. Exercicio de sinodalidade

O noso camiñar sempre xuntos ten a súa fonte e o seu cume na celebración da Eucaristía, como nos ensina o Concilio (SC 10; LG 11.26) e repetidamente o maxisterio papal desde entón, ata esta

Carta apostólica de Francisco. Pero toda a nosa tradición eclesial é unha confirmación experiencial desta verdade, como manifesta a moi profunda conciencia «parroquial» dos nosos fieis, a nosa relixiosidade popular, as riquezas de todas as festas e celebracións que marcaron o ritmo da vida das nosas casas e pobos, e hoxe ás veces miramos con nostalxia —sobre todo no rural— e procuramos salvagardar con esforzo.

O noso camiñar sinodal non pode deixar de estar en continuidade e valorar esta experiencia de Pobo de Deus na nosa terra, feita de familiaridade, de sentido de pertenza ao Señor e dos uns aos outros, de edificación da vida á luz do Evanxeo e da graza dos sacramentos, de caridade próxima, de hospitalidade e axuda mutua. Ser cristiáns é camiñar xuntos, desde as raíces vivas da fe, da pertenza común ao Señor, que determina a forma do acompañarse cotián.

Sen este fundamento, actualizado nas circunstancias de hoxe, será difícil soste un proceso sinodal que dea froito para o noso pobo —aínda que sexa unha riqueza e un ben para algúns. Sen Xesús e sen a Eucaristía non podemos gozar do seu Espírito en plenitude.

Fagamos confluír a experiencia sinodal coa do pobo reunido ao redor do altar do Señor, presidido polos seus presbíteros; revitalicemos a celebración litúrxica, coidemos e promovamos a asemblea eucarística no día do Señor.

E que a acollida da Palabra e do Sacramento nos conduza a un compartir real, a unha compañía, un encontro e unha escoita mutua verdadeira, que sosteña a vida de cada un nas súas circunstancias e promova a nosa participación activa e frutuosa en toda a vida da Igrexa, na conformación da nosa comunidade cristiá.

Será un ben para a nosa propia vida, para a de todos aqueles con quen a compartimos, os nosos amigos e familia, a nosa parroquia. Pero será tamén un principio de vida nova no noso mundo, un testemuño de fe e esperanza, e unha realidade diversa

de comunidade, un lugar de hospitalidade e caridade no que atopar ao Señor e aos irmáns, en que se consola todo desalento e se vence toda soidade.

Coidemos as nosas raíces —apreciemos a nosa tradición, a historia cristiá das nosas parroquias e Diocese— e coidemos tamén os froitos nas nosas vidas; e os froitos farán desexables as raíces, farán crible a relación con Deus, que se nos entrega no seu Fillo Xesucristo, e o ben de participar na comunión con El, no camiño da súa Igrexa na historia.

Serannos útiles, como particulares instrumentos neste curso, *as indicacións que poida seguir ofrecéndonos a Secretaría do Sínodo* desde Roma e desde a nosa Conferencia episcopal.

A experiencia vivida o curso pasado convidanos igualmente a valorar e coidar todas as riquezas da nosa Igrexa, das nosas parroquias. Comprendemos mellor non só os seus límites, senón tamén os moitos bens e posibilidades que nos ofrecen, como herdanza legada polos que nos precederon no camiño.

Neste proceso, estamos chamados a valorar especialmente aquelas *formas de sinodalidade que están xa constituídas* de moitas maneiras nas parroquias e na Diocese: grupos de traballo e de colaboración, de acompañamento na comunión e na misión da Igrexa, Consellos, etc. É unha responsabilidade de todos que este traballo común, xa iniciado, sexa real e frutuoso, nas parroquias e nas diferentes institucións eclesiais.

En particular, *o traballo de «Formación permanente»* deste ano estará destinado ao tema moi amplo do «patrimonio diocesano», que é unha expresión clara, moi concreta e material, desta pertenza común, da comunión vivida e da responsabilidade compartida.

Será un curso no que esperamos igualmente poder trasladar a nosa Caritas diocesana a novas instalacións, máis adecuadas, no contexto do *coidado da nosa actividade socio-caritativa*. No edificio (da Pr. de Santo Domingo) seguirá presente tamén o «Comedor San Froilán», instalarase a «Casa da misericordia» ao servizo da

pastoral penitenciaria, e haberá espazo tamén para outras actividades.

Á fin e ao cabo, este é un froito visible e importantísimo da participación e a comunión de todos, expresada no compartir os bens, o tempo, o traballo, a caridade fraterna. E é un bo exemplo de como iso non obsta, senón que serve á actividade «socio-caritativa» en parroquias, comunidades e grupos, e depende dela.

4. Un esforzo educativo

O próximo curso estará tamén caracterizado por un esforzo particular no ámbito educativo. Tras os pasos dados este ano co Colexio diocesano «San Lorenzo», asumiremos tamén a titularidade do Colexio de «A Milagrosa», que nos transfiren xenerosamente as Fillas da Caridade.

Aínda que non participemos directamente nas iniciativas concretas, é un signo para todos da importancia decisiva da educación da fe: se non conforma o modo de ser da persoa, se non a educa para estar adecuadamente na realidade, a fe non é crible e, ao final, nin sequera é proposta verdadeiramente ás persoas –particularmente a nenos e xóvenes.

Por outra banda, como se podería pensar na vocación propia, sen este anuncio convencido de que a fe introduce á verdade da vida, en todos os seus factores? Por iso, esta iniciativa non se contrapón en absoluto coa realidade do noso Seminario, menor e maior.

A proposta do Menor segue existindo, como un camiño educativo diocesano de horizonte vocacional, vivido en comunidade, no edificio do noso Seminario. Teñámolo en conta, non deixemos de propoñer esta posibilidade e, en xeral, a vocación sacerdotal mesma, como forma de vida en compañía co Señor, á que El chama, coa promesa da plenitude persoal e dunha fecundidade grande, ao servizo do ben máis necesario para o propio pobo e para o noso mundo.

Manteñamos viva a proposta do noso Seminario Menor, e a proposta educativa da fe, como promesa de verdade e de vida para toda persoa!

5. A Xornada Mundial da Xuventude de Lisboa 2023

Convén lembrar, a este respecto, que o próximo verán de 2023 celebrarase de novo a Xornada Mundial da Xuventude, este ano en Lisboa. A experiencia ensínanos que se trata dunha oportunidade providencial para a nosa pastoral xuvenil. O feito de celebrarse en Lisboa fai máis cercana a iniciativa, que podemos sentir máis plausible, menos afastada e máis propia.

Dispoñemos dun ano para preparala. Sen dúbida é unha invitación e unha ocasión para achegarnos aos nosos mozos cunha proposta de fe clara e interesante, nas familias e nas parroquias, en comunidades e colexios.

O traballo que fagamos este ano será xa un ben en si mesmo. Por iso, en todo caso, non deixemos polo menos de propoñer a participación, sabendo que, se nós temos limitacións para levar adiante todo o que implicaría a invitación e a preparación da JMJ, dispoñemos da Delegación de Xuventude como unha axuda específica, que terá esta actividade como obxectivo propio o próximo curso.

Procuraremos que a información chegue a tempo a todos, así como as propostas concretas que puidesen facerse, desde a Santa Sé, a Conferencia episcopal e a nosa Delegación.

6. Agradecidos ao Señor

Iniciamos un curso máis, que afrontamos con agradecemento a Deus, que nos dá a vida, o tempo e a tarefa, que confía en nós e nunca nos abandona, que mantén perpetuamente o sacramento da súa presenza real e do seu amor ante os nosos ollos, que escoita sempre a nosa oración, tanto máis atentamente canto máis contrito ou dorido está o corazón.

E é de novo un ano en que camiñaremos xuntos, na riqueza inmerecida da comunión eclesial, na colaboración e a amizade vivida, confiados na misericordia do Señor, tantas veces manifesta no seu perdón, pero tamén na caridade e os consolos dos irmáns. Tamén por este gran don da comunión eclesial demos grazas a Deus.

Que María Santísima, a Virxe dos Ollos Grandes, nos ampare sempre este ano, interceda por nós e complete coas súas palabras a nosa oración insuficiente, para o ben da nosa tarefa pastoral. E nos consiga que saibamos vivir este ano como membros activos do Corpo de Cristo, como familia verdadeira, na que todos temos o noso lugar e á que coidamos como o maior tesouro.

Santa María, Nai de Deus e nosa, Virxe gloriosa e bendita, roga por nós!

+ Alfonso, bispo de Lugo